



CONVOCATORIA E BASES QUE A REGULAN PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INICIACIÓN DEPORTIVA DURANTE A TEMPADA 2026/2027 (ESCOLAS DEPORTIVAS DE PROMOCIÓN MUNICIPAL 2026/2027)

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para fomentar as actividades de iniciación deportiva durante a tempada 2026/2027 que promovan as entidades privadas sen ánimo de lucro, e que poidan ser consideradas de interese social para o Concello de Pontevedra, contribuíndo á consecución dun ou varios dos obxectivos previstos e moi especialmente á promoción da práctica de actividade física e do deporte, cunha finalidade lúdica, educativa e saudable.

A importancia que ten a práctica de actividade física e deportiva, é de todos coñecida. A nova Lei 39/2022, do 30 de decembro do Deporte, no seu artigo 2º declara a práctica de deporte como unha actividade esencial e un dereito de todos os cidadáns, precisando dunha especial atención e protección polos poderes públicos. Así pois, o esforzo de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido da actividade física e o deporte e mais necesaria, se cabe.

Atendendo aos obxectivos de solidariedade, mellora da calidade de vida, promoción e desenvolvemento da cultura física no municipio e, en orde a facilitar a iniciación á práctica deportiva da poboación de Pontevedra en xeral, e das nenas e nenos en particular, o Concello de Pontevedra poderá conceder subvencións, previa solicitude e atendendo aos criterios de publicidade, concorrencia e obxectividade na concesión, sempre que exista consignación orzamentaria suficiente.

A tal fin, no marco das competencias en materia deportiva e de ocupación do tempo libre, e en desenvolvemento do plan estratéxico de subvencións para o trienio 2026-2028, este Concello comprometeu no seu Orzamento Xeral para 2026 a aplicación orzamentaria necesaria para asumir unha parte dos gastos que ocasiona a organización de actividades de iniciación deportiva no noso municipio.

2. RÉXIME XURÍDICO

A concesión destas axudas rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento (RLXS), nos seus preceptos básicos, pola lexislación básica do estado en materia de réxime local, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polo disposto na Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra (BOPPO, núm. 190 do 30.09.2004), polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

3. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria:

- As entidades deportivas privadas sen ánimo de lucro, validamente constituídas, que teñan o seu domicilio social no municipio de Pontevedra, realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.
- As federacións deportivas de carácter autonómico, provincial ou local, validamente constituídas, aínda que non estean domiciliadas no municipio de Pontevedra, que realicen actividades de interese municipal dentro do Concello ou en beneficio do mesmo.
- As asociacións de nais e pais (ANPAS) e as entidades deportivas dos colexios públicos do rural do





municipio de Pontevedra.

- Asociacións sen ánimo de lucro dedicadas ao ámbito das persoas con discapacidade e dependencia, que realicen actividades de interese municipal (poderán solicitar programas de iniciación deportiva para grupos especiais (liña C), reguladas na base 4 da convocatoria).

Cada entidade poderá presentar, dentro de cada un dos programas destas bases, as solicitudes que estime oportunas.

Non poderán ser beneficiarias das subvencións:

- As entidades que non reúnan os requisitos para obter a condición de beneficiaria previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS).
- As sociedades anónimas deportivas e/ou outras entidades con ánimo de lucro.

Quedan excluídas desta convocatoria as seguintes actividades:

- Actividades ou programas incluídos noutras convocatorias do Concello de Pontevedra.
- Actividades incluídas no programa "Xogade" da Xunta de Galicia subvencionado por dito organismo.
- Actividades que non cumpran algún requisito das presentes bases.

4. PROGRAMAS SUBVENCIONABLES

Poderán ser obxecto de subvención os programas de actividades de iniciación deportiva a desenvolver durante a tempada 2026/2027. Deberán ter unha duración de tempada 2026/2027 ou curso escolar, salvo os programas para grupos especiais que, polas súas características, poderán ter unha temporalidade distinta.

Os programas a subvencionar e as prazas inicialmente ofertadas para cada un deles é o seguinte:

- A. Programas de iniciación deportiva orientadas á poboación en idade escolar: 2.500 prazas
- B. Programas de iniciación deportiva a desenvolver nos centros escolares das parroquias rurais do Concello: 600 prazas
- C. Programas de iniciación deportiva para grupos especiais (persoas discapacitadas, persoas en risco de exclusión social, terceira idade, etc): as prazas ofertadas neste programa dependerán do número de solicitudes presentadas e da súa valoración consonte cos criterios da base 9, de xeito que non se supere o límite do crédito previsto na base 6 letra C.

O número de prazas inicialmente destinadas a cada programa poderá modificarse en función do número de solicitudes presentadas e da súa avaliación, cos límites e condicións previstos na base 6.

5. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES

A subvención será compatible con outras axudas ou subvencións de entes públicos ou privados, tendo en conta que, en ningún caso, o importe da axuda económica outorgada será de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas recibidas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade desenvolvida pola entidade beneficiaria.

6. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 250.000,00€ imputándose á aplicación orzamentaria 05.3410.489.02 do Orzamento de gastos do ano 2026 un importe de 62.500,00 € (25%) e o financiamento restante correspondente ao ano 2027 por importe de 187.500,00 € (75%) queda condicionado a súa consignación no propio Orzamento para o ano 2027, segundo a seguinte estimación:

- A) Escolas Deportivas de Promoción Municipal orientadas á poboación en idade escolar.** Destinarase un crédito máximo de 205.000,00 € no que se imputarán 51.250,00 € con cargo ao orzamento de gastos do Concello de Pontevedra para o ano 2026 e 153.750,00 € con cargo ao orzamento de gastos do Concello de Pontevedra para o ano 2027.





- B) Escolas Deportivas de Promoción Municipal a desenvolver nos centros escolares das parroquias rurais do Concello.** Destinarase un importe máximo de 30.000,00 € no que se imputarán 7.500,00 € con cargo ao orzamento de gastos do Concello de Pontevedra para o ano 2026 e 22.500,00 € con cargo ao orzamento de gastos do Concello de Pontevedra para o ano 2027.
- C) Escolas Deportivas de Promoción Municipal para grupos especiais (persoas discapacitadas, persoas en risco de exclusión social, terceira idade, etc.).** Destinarase un importe máximo de 15.000,00 € no que se imputarán 3.750,00 € con cargo ao orzamento de gastos do Concello de Pontevedra para o ano 2026 e 11.250,00 € con cargo ao orzamento de gastos do Concello de Pontevedra para o ano 2027.

Segundo o artigo 58.4 do Regulamento polo que se desenvolve a Lei 38/2003 xeral de subvencións, aprobado por Real decreto 887/2006, a contía total máxima estimada para cada unha das liñas descritas nos parágrafos A), B) e C) deste artigo poderá alterarse na forma prevista no dito precepto sen realizar unha nova convocatoria e antes da resolución da concesión, dentro do límite máximo de 250.000,00 €.

Tendo en conta o anterior, o crédito final asignado a cada un dos programas subvencionables virá determinado polo número e valoración das solicitudes presentadas para cada un deles, sen que poida superarse o crédito máximo desta convocatoria, que ascende a 250.000,00 €.

Ademais da contía total máxima indicada, poderán concederse subvencións por unha contía adicional, sen necesidade dunha nova convocatoria, sempre que os créditos aos que resulte imputable non estean dispoñibles no momento da convocatoria pero que a súa dispoñibilidade se prevea en calquera momento anterior á resolución de concesión por un aumento derivado de calquera das causas que contempla o artigo 58.2 do regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo); a efectividade da contía adicional queda condicionada a declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias previstas no artigo 58 do regulamento e, no seu caso, previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda, nun momento anterior á resolución da concesión da subvención.

7. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

As entidades deportivas interesadas en obter subvencións do Concello de Pontevedra deberán solicitala mediante a presentación da documentación que se sinala a continuación:

1. Anexo I. Solicitud, que comprende:

- Solicitud do importe da subvención.
- Solicitud, de ser o caso, do anticipo da subvención.

2. Anexo II. Declaración responsable que comprende:

- Que dispón dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
- Que os datos dos modelos son certos e que a entidade cumpre coas obrigas das bases reguladoras e demais normativa reguladora das subvencións.
- As subvencións e/ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía.
- Que non ten pendente de xustificación, fóra de prazo, ningunha subvención co Concello de Pontevedra.
- Que non incorre nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a do artigo 13.2 da citada Lei 38/2003.





- Que está ao corrente de pago das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria do Estado, coa Seguridade Social, coa Facenda da Xunta de Galicia, así como co Concello de Pontevedra. Que dispón da documentación que o acredita, e que a porá a disposición do Concello cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das súas obrigas durante o tempo que dure o procedemento.
- Que se engadirá a imaxe oficial do Concello de Pontevedra como administración que subvenciona a actividade, cumprindo así coas medidas esixibles de difusión do financiamento municipal da actividade ou proxecto subvencionado segundo a base 17 da convocatoria.
- Que se compromete a empregar a lingua galega nas publicacións, cartelería, publicidade e toda a produción escrita da actividade subvencionada.
- Que é imposible a realización da actividade de non ser beneficiaria da subvención do Concello de Pontevedra
- Que dispón dos seguros obrigatorios e se compromete a mantelos mentres dure a actividade.
- Que dispón dos libros contables, do rexistro e de actas actualizados.
- Que dispón dos certificados de delitos de natureza sexual dos profesionais e voluntarios da entidade que traballan en contacto habitual con menores, en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia.
- No caso das entidades deportivas que desenvolvan a súa actividade en contacto con persoas menores de idade, deberán ter aprobado o seu Protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes fronte a violencia no deporte e ter á persoa designada como delegada de protección correctamente inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

3. Anexo III. Proxecto Técnico.

Proxecto explicativo do programa de iniciación deportiva (escola deportiva) que se pretende organizar con especificación, entre outros, do número de persoas beneficiarias directas ou indirectas da actividade solicitada, do lugar de celebración, horarios, obxectivos, directrices metodolóxicas, programación didáctica, ratio monitor/alumno, publicidade, relación de persoal técnico encargado da coordinación e o desenvolvemento da actividade (expresando a titulación e relación laboral ou de voluntariado coa entidade organizadora), etcétera.

4. Anexo IV. Orzamento de gastos e ingresos do proxecto/actividade.

Detalle dos gastos e dos ingresos previstos para a execución do programa para o que se solicita a subvención.

5. Anexo V. Autorización de solicitude de certificados.

Autorización para que o Concello de Pontevedra solicite á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social os datos relativos ao cumprimento, por parte da entidade solicitante, das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para comprobar os requisitos establecidos nos artigos 13.2.e) e 34.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276 do 18/11/2003), e nos artigos 22 e 23 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 (BOE núm. 176 do 25/07/ 2006).

A entidade solicitante poderá denegar o consentimento, debendo achegar os certificados que acrediten que se atopa o corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6. Anexo VI. Declaración responsable de que a entidade conta con todos os permisos e autorizacións para a utilización das instalacións no caso de que a actividade se desenvolva nun





local que non sexa municipal e, no caso de Escolas Deportivas de Promoción Municipal a desenvolver nos centros escolares das parroquias rurais do Concello, que a actividade está integrada como actividade extraescolar do centro.

7. Xustificante do seguro de responsabilidade civil, emitido pola entidade aseguradora, que acredite a cobertura da actividade subvencionada durante todo o período de desenvolvemento da mesma. En caso de non dispoñer do xustificante no momento da solicitude, deberase presentar antes do inicio da actividade.
8. Deberán achegar os seguintes documentos, agás que xa estean en poder do Concello de Pontevedra:
 - Número de identificación fiscal (NIF).
 - Acreditación da inscrición no Rexistro Galego de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia ou nos rexistros oficiais que correspondan segundo a natureza da entidade solicitante.
 - Os datos bancarios da conta conta á que se poderá transferir o importe da subvención debidamente certificada pola entidade bancaria.
 - Copia da acta fundacional da entidade solicitante e dos seus estatutos.
 - Certificación dos cargos representativos e do seu domicilio social.

O Concello de Pontevedra comprobará, de oficio a ausencia de débedas tributarias co Concello de Pontevedra e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, incorporando o xustificante ao expediente.

8. PRAZO E FORMA PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude da subvención, xunto coa restante documentación, ten que presentarse a través da Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal/>), a través do procedemento que se estableza ao efecto, en cumprimento do disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do extracto da convocatoria da subvención, que será comunicada ao BOP pola Base de Datos Nacional de Subvenciones, nos termos e cos requisitos establecidos no artigo 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

As bases e o formulario de solicitude estarán á disposición das entidades interesadas na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal/>); asemade poderase solicitar o seu envío no correo electrónico admindeportes@pontevedra.eu

As deficiencias no expediente de solicitude e as omisións nos documentos obrigatorios deberán emendarse, previo requirimento, no prazo de 10 días dende a data da notificación, na que se indicará que se non se fixera terase por desistido da súa petición, sendo arquivada a solicitude previa resolución.

9. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS

Para a concesión da subvención se terá en conta os criterios de valoración das solicitudes previstos neste artigo, sendo necesario acadar un mínimo de 50 puntos para a concesión da axuda.

CRITERIOS DE VALORACIÓN:

1. Programas de iniciación deportiva orientadas a poboación en idade escolar.

- 1.1. A continuidade e estabilidade demostrada pola entidade solicitante no ámbito deportivo no que desenvolva a actividade ou programa proposto: máximo 10 puntos.
- 1.2. Nivel de adaptación do programa ás directrices marcadas polo Concello de Pontevedra: máximo 30 puntos.





- 1.3. Nivel de autofinanciamento ou financiamento privado do proxecto: máximo 10 puntos.
- 1.4. Integración no programa de colectivos considerados desprotexidos: máximo 10 puntos.
- 1.5. Nivel técnico do persoal encargado do desenvolvemento da actividade: máximo 10 puntos.
- 1.6. Valoración da adecuación das directrices técnicas descritivas do proxecto: máximo 30 puntos.
2. **Programas de iniciación deportiva a desenvolver nos centros escolares das parroquias rurais do concello.**
 - 2.1. A continuidade e estabilidade demostrada pola entidade solicitante no ámbito deportivo no que desenvolva a actividade ou programa proposto: máximo 20 puntos.
 - 2.2. Nivel de adaptación do programa as directrices marcadas polo Concello de Pontevedra: 30 puntos.
 - 2.3. Nivel de autofinanciamento ou financiamento privado do proxecto: máximo 5 puntos.
 - 2.4. Integración no programa de colectivos considerados desprotexidos: máximo 5 puntos.
 - 2.5. Valoración da adecuación das directrices técnicas descritivas do proxecto incluíndo a valoración do persoal responsable do desenvolvemento da actividade: máximo 40 puntos.
3. **Programas de iniciación deportiva para grupos especiais (persoas discapacitadas, persoas en risco de exclusión social, terceira idade, etc.).**
 - 3.1. Nivel de adaptación do programa ás directrices marcadas polo Concello de Pontevedra e adecuación deste: máximo 30 puntos.
 - 3.2. Continuidade do programa: máximo 20 puntos.
 - 3.3. Nivel do persoal técnico responsable do desenvolvemento do programa: máximo 15 puntos.
 - 3.4. Custo total do programa e nivel de autofinanciamento: máximo 5 puntos.
 - 3.5. Valoración da adecuación das directrices técnicas descritivas do proxecto: máximo 30 puntos.

10. CONTÍA DA SUBVENCIÓN E LÍMITE DA SUBVENCIÓN

A contía individual da subvención que lle corresponda a cada beneficiaria, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, e superada a puntuación mínima disposta na base 9ª, se determina do seguinte xeito:

1.- Programas de iniciación deportiva orientadas á poboación en idade escolar:

a) Cando a suma das prazas propostas nas solicitudes das entidades beneficiarias **non superase a oferta da convocatoria** que se indica na base 4, cada beneficiaria percibirá unha subvención máxima de **82 €/curso** por cada neno/a inscrito na escola deportiva de promoción municipal efectivamente recoñecido.

A efectos do recoñecemento do número de inscritos, consideraranse correctamente inscritos, aqueles que figuren na relación nominal, sempre que a entidade beneficiaria dispoña da documentación enumerada na base 20.

b) Cando a suma das prazas propostas nas solicitudes das beneficiarias, ou a suma dos inscritos **superase a oferta da convocatoria** prevista na base 4, o número de prazas financiáveis reduciranse de xeito proporcional en función das prazas máximas que se poden financiar. A contía da subvención resultará de multiplicar o importe por neno/a sinalado no parágrafo anterior polo número de prazas que lle correspondan a cada beneficiaria unha vez aplicada a dita redución proporcional de prazas.





c) En todo caso, a contía da subvención estará limitada polo importe dos gastos considerados como subvencionables segundo a base 22.

2.- Programas de iniciación deportiva nos centros escolares das parroquias rurais do Concello:

a) Cando a suma das prazas propostas nas solicitudes das entidades beneficiarias en cada programa **non superase a oferta da convocatoria** que se indica na base 4, a entidade beneficiaria percibirá unha subvención máxima de **50 €/curso** por cada neno/a inscrito na actividade efectivamente recoñecido.

A efectos do recoñecemento do número de inscritos, consideraranse correctamente inscritos, aqueles que figuren na relación nominal, sempre que a entidade beneficiaria dispoña da documentación enumerada na base 20.

b) Cando a suma das prazas propostas nas solicitudes das beneficiarias, ou a suma dos inscritos **superase a oferta da convocatoria** prevista na base 4, o número de prazas financiáveis reduciranse de xeito proporcional en función das prazas máximas que se poden financiar. A contía da subvención resultará de multiplicar o importe por neno/a sinalado no parágrafo anterior polo número de prazas que lle correspondan a cada beneficiaria unha vez aplicada a dita redución proporcional de prazas.

c) En todo caso, a contía da subvención estará limitada polo importe dos gastos considerados como subvencionables segundo a base 22.

3.- Programas de iniciación deportiva para grupos especiais (persoas con discapacidade, persoas en risco de exclusión social, terceira idade, etc): O importe da axuda determinarase en función da puntuación obtida polas solicitudes, segundo os criterios de valoración previstos na base 9. Deste xeito, a contía da subvención será o resultado de multiplicar os puntos acadados por cada solicitante con dereito a subvención polo valor do punto que se obteña de aplicar a seguinte fórmula:

Valor do punto = Importe do crédito máximo do programa / Suma de todos os puntos obtidos por todas as solicitudes beneficiarias

O importe das subvencións concedidas poderán chegar ata o **100% do custo real da actividade** por tratarse dunha actividade de grande interese público orientada á promoción e iniciación no deporte entre a poboación en idade escolar e entre grupos de poboación que teñen especialmente limitado o seu acceso ao deporte.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das contribucións complementarias de axudas doutras entidades, así como, no seu caso, outros ingresos, de tal xeito que a súa contía definitiva alcance, como máximo, a diferenza entre os ingresos, sen contar a subvención, e os gastos reais da actividade.

Se o curso ten unha periodicidade inferior ao sinalado nas directrices específicas sinaladas na base 11, considerarse un incumprimento do proxecto que fundamenta a concesión da subvención, polo que suporá a denegación da subvención ou a exigencia da reintegro.

Excepcionalmente, cando unha determinada actividade ou programa ao completo teña que ser suspendido **por causas alleas ao beneficiario**, realizarase un cálculo da porcentaxe do programa executado nese momento en base ao número de semanas desenvolvidas sobre o total previsto e levarase a cabo unha minoración da subvención polo importe restante aplicando a seguinte fórmula onde se estima un porcentaxe (20%) destinado a sufragar os custos que supón poñer a actividade en funcionamento e ata un máximo del 80% de la subvención concedida:

Fórmula = $\Sigma [20\% \times \text{subvención concedida}] + [(Semanas executadas do programa / semanas totais previstas) \times (80\% \times \text{subvención concedida})]$





11. DIRECTRICES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS OU ACTIVIDADES

Os programas ou actividades que pretendan unha subvención deberán cumprir, ademais do marcado nas presentes bases, as directrices específicas sinaladas a continuación:

1) ESCOLAS DEPORTIVAS DE PROMOCIÓN MUNICIPAL ORIENTADAS Á POBOACIÓN EN IDADE ESCOLAR.

As actividades subvencionadas denominaranse “Escola deportiva de promoción municipal de (nome da modalidade deportiva) do “nome da entidade organizadora” (Exemplo. Escola Deportiva de promoción Municipal de Esgrima “Club (nome do club)”).

As escolas deportivas destinaranse preferentemente aos nenos e nenas do Concello de Pontevedra con idades, entre os 6 e os 14 anos, e de 4 a 8 anos para aquelas que teñan como obxectivos preferentes os da educación física de base. A título orientativo, recoméndase que as Escolas Deportivas de Promoción Municipal se organicen metodoloxicamente en función de criterios de idade e evolución psicomotriz da seguinte forma:

Idade aprox.	Contidos
4 - 5 anos	Educación física de base
5 - 6 anos	
6 - 7 anos	
7 - 8 anos	Ensino polideportivo
8 - 9 anos	
9 - 10 anos	
10 - 11 anos	Iniciación deportiva específica
11 - 12 anos	
12 - 13 anos	
13 - 14 anos	

O cociente monitor-alumnado estará determinado polas características propias da modalidade deportiva tendo que ser proposto no proxecto da actividade e aceptado pola dirección do Servizo de Deportes aconsellando de forma xeral un máximo de 20 alumnos/as por monitor.

A Escola Deportiva organizarase coa colaboración co Concello de Pontevedra sempre e cando conte cun mínimo de 15 nenos/as. No caso contrario, a entidade organizadora deberá garantir o financiamento da actividade.

A participación dos nenos/as na actividade proposta deberá ter unha frecuencia mínima de 2 horas por semana (distribuídas preferentemente en dúas sesións) e dentro do período comprendido entre 01 de outubro de 2026 e o 31 de maio de 2027.

O profesorado encargado de desenvolver a actividade deberá estar formado por:

- Unha persoa coordinadora da actividade, que deberá estar en posesión do licenciatura en educación física ou ciencias da actividade física e do deporte, ou mestres/as coa especialidade de educación física, ou a titulación superior na modalidade deportiva en cuestión.
- Monitores/as: tantos/as como sexan necesarios en función do número de nenos/as e o cociente monitor/alumnado proposto, que deberán estar en posesión da titulación mínima esixida pola federación deportiva correspondente. Os/as técnicos/as superiores en actividades físico deportivas, os/as mestres/as coa especialidade de educación física e as persoas licenciadas en





educación física ou ciencias da actividade física e o deporte, teñen a habilitación para as tarefas de monitor/a.

Excepcionalmente, e co visto e prace previo da dirección do Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra, poderase utilizar outro persoal cualificado sen a titulación específica requirida.

As persoas necesarias para o correcto desenvolvemento da actividade dependerán exclusivamente da entidade beneficiaria, debendo cumprir, ademais dos coñecementos técnico-deportivos, os requisitos esixidos pola lexislación laboral, fiscal, e asociativa vixente segundo a natureza xurídica da entidade.

A entidade organizadora poderá determinar unha cota de inscrición de ata 70 €/curso co obxectivo de reinvestila nas actividades. En caso de que a contía fose superior, verase reducido o importe da subvención de forma proporcional (a modo de exemplo, si o importe da cota de inscrición é de 80 €/curso, a subvención verase reducida ata aos 72 €/curso por cada neno/a inscrito na escola deportiva de promoción municipal). A cota de inscrición deberá ser comunicada ao Servizo de Deportes do Concello no momento da solicitude da subvención.

O Concello de Pontevedra dará publicidade aos programas co fin de favorecer a unha maior difusión entre a veciñanza, posto que se tratan de programas e actividades de gran interese social e comunitario, podendo supervisar o correcto funcionamento do proceso de inscrición de ser o caso.

A entidade beneficiaria deberá informar no momento da inscrición, que os datos persoais recollidos serán cedidos ao Concello de Pontevedra coa finalidade de información e xustificación no proceso de tramitación das subvencións para o desenvolvemento de actividades de iniciación deportiva durante a tempada 2026/2027, sendo a entidade organizadora e o Concello de Pontevedra corresponsables dos datos persoais que son necesarios para dita finalidade, en base o artigo 26 do RXPd. Polo tanto, tanto a entidade organizadora como o Concello de Pontevedra deberán garantir o cumprimento da normativa de protección de datos persoais tratados en todo momento.

A entidade organizadora está obrigada a subscribir unha póliza de responsabilidade civil pola organización da escola deportiva de promoción municipal e poderá darlle ao neno/a a posibilidade de subscribir, no momento da inscrición, un seguro de accidentes ao prezo que se marque no seu momento. En todo caso deberá presentar xustificante da subscripción do seguro de responsabilidade civil, emitido pola entidade aseguradora, que garanta a cobertura da actividade subvencionada. O incumprimento deste requisito poderá ser motivo de exclusión do programa de subvencións.

A escola deportiva de promoción municipal deberá estar aberta a calquera neno/a preferentemente do Concello de Pontevedra que o desexe e que cumpra as características de idade solicitadas, non podendo excluír a ningún por motivos sociais, físicos, económicos, etcétera.

A entidade organizadora estará obrigada a comunicar coa suficiente antelación os cambios sobre a programación. Así mesmo, deberán facilitar as tarefas de seguimento e supervisión da actividade por parte do Concello, debendo dispoñer da seguinte documentación cando sexa solicitada: relación dos inscritos na escola (que deberá actualizada mensualmente), listados de asistencia e enquisas de satisfacción dos usuarios das actividades e escolas subvencionadas.

Posto que a instalación deportiva resulta un elemento básico para implementar as actividades de iniciación deportiva, con carácter previo a resolución, poderase solicitar a acreditación de autorización da mesma.

Como criterio xeral, as EDPM que teñen como obxecto a iniciación deportiva da poboación, deberán priorizar o acceso dos cidadáns a actividade, polo tanto, reservarse como mínimo o 70% das prazas ofertadas para deportistas de nova incorporación na actividade subvencionada. As entidades poderán dispoñer destas prazas reservadas, si aos 10 días do inicio da actividade, estas prazas non foron cubertas.

O incumprimento das obrigas especificadas no parágrafo anterior dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención nun 10%. Esta dedución será acumulativa a outras que, de ser o caso, se puideran aplicar.

Soamente se poderá recoller na publicidade institucional os programas que confirmen antes do 1 de setembro de 2026, os seguintes datos: nome da actividade, cota de inscrición anual, anos de nacemento das/os participantes, lugar da actividade, horarios das actividades, número de prazas da





escola, procedemento de inscrición e datos de contacto da entidade.

O procedemento e prazo inscrición comezará o martes 15 de setembro de 2026. Con carácter xeral, o xustificante bancario do pago da inscrición deberá ser posterior ao inicio do período de inscrición.

2) ESCOLAS DEPORTIVAS DE PROMOCIÓN MUNICIPAL A DESENVOLVER NOS CENTROS ESCOLARES DAS PARROQUIAS RURAIS DO CONCELLO.

Poderán solicitar esta subvención as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as dos centros de ensino públicos de primaria e secundaria obrigatoria de parroquias do rural, as agrupacións deportivas constituídas nos propios centros ou, no suposto de que non exista ningunha das anteriores organizacións, a dirección do Centro.

A actividade que soliciten deberá estar incluída no programa anual do centro como actividade extraescolar.

As actividades subvencionadas denominaranse Escolas deportivas de promoción municipal “nome da parroquia” do “nome da entidade organizadora”, por exemplo Escolas deportivas de promoción municipal de Mourente “ANPA Os”

As escolas deportivas de promoción municipal destinaranse ao alumnado do centro escolar e das parroquias da zona de influencia na que se atopa o centro. A título orientativo, recoméndase que as Escolas Deportivas de promoción Municipal se organicen, metodoloxicamente, en función de criterios de idade e evolución psicomotriz da forma que segue:

Idade	Contidos
Educación Infantil	Educación Física de Base
1º Primaria	
2º Primaria	
3º Primaria	Ensino Polideportivo
4º Primaria	
5º Primaria	Iniciación deportiva específica
6º Primaria	
1º ESO	
2ª ESO	
3º ESO	Perfeccionamento deportivo específico
4º ESO	

O cociente monitor-alumnado estará determinado polas características propias da modalidade deportiva tendo que ser proposto no proxecto da actividade, e aceptado pola dirección do Servizo de Deportes aconsellando de forma xeral un cociente máximo de 20 alumnos/as por monitor.

A Escola Deportiva de Promoción Municipal organizarase coa colaboración co Concello de Pontevedra sempre e cando conte cun mínimo de 15 nenos/as. Noutro caso, a entidade organizadora deberá garantir o financiamento da actividade.

A participación dos nenos/as na actividade proposta deberá ter con carácter xeral unha periodicidade de 2 sesións por semana e estenderase preferentemente dende o día 1 de outubro de 2026 ata o 31 de maio de 2027.

O equipo docente encargado de desenvolver a actividade deberá estar formado por:





- Monitores/as: tantos como sexan necesarios en función do número de grupos, que deberán estar en posesión da titulación mínima esixida pola federación deportiva correspondente. Os/as técnicos/as superiores en actividades físico deportivas, os/as mestres/as coa especialidade de educación física e as persoas licenciadas en educación física ou ciencias da actividade física e o deporte, teñen a habilitación para as tarefas de monitor/a .

Excepcionalmente, e co visto e prace previo da dirección do Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra poderase utilizar outro persoal cualificado sen a titulación específica requirida.

As persoas necesarias para o correcto desenvolvemento da actividade dependerán exclusivamente da entidade organizadora debendo reunir, ademais dos coñecementos técnico-deportivos, os requisitos esixidos pola lexislación laboral, fiscal e asociativa vixente segundo a natureza xurídica da entidade.

A Escola Deportiva de Promoción Municipal poderá estar aberta a calquera neno/a da parroquia e zona de influencia do municipio onde se atope o centro de ensino e que reúna as características de idade solicitadas. Non se poderá excluír a ningún neno/a por motivos sociais, físicos, económicos, etcétera.

A entidade organizadora ten a obriga de comunicar, coa suficiente antelación, os cambios sobre a programación.

Posto que a instalación deportiva resulta un elemento básico para implementar as actividades de iniciación deportiva, con carácter previo a resolución, as entidades deberán acreditar a autorización da mesma.

A entidade organizadora poderá determinar unha cota de inscrición de ata 100 €/curso co obxectivo de reinvestila nas actividades. En caso de que a contía fose superior, verase reducido o importe da subvención de forma proporcional (a modo de exemplo, si o importe da cota de inscrición é de 110 €/curso, a subvención verase reducida ata aos 40 €/curso por cada neno/a inscrito na escola deportiva de promoción municipal). A cota de inscrición deberá ser comunicada ao Servizo de Deportes do Concello no momento da solicitude da subvención.

3) ESCOLAS DEPORTIVAS DE PROMOCIÓN MUNICIPAL PARA GRUPOS ESPECIAIS (PERSONAS CON DISCAPACIDADE, PERSONAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL, TERCEIRA IDADE, ETC).

As Escolas Deportivas de Promoción Municipal para grupos especiais terán por finalidade achegar e fomentar a práctica de actividades físicas e deportivas entre grupos de poboación especiais (persoas con discapacidade, persoas en risco de exclusión social, terceira idade, entre outros) co fin de que estes acaden os beneficios físicos, psíquicos e sociais que a práctica de actividade física e o deporte reporta aos seus practicantes. Presentarase un programa a desenvolver e a entidade organizadora estará obrigada a comunicar con suficiente tempo os cambios sobre a programación.

Posto que a instalación deportiva resulta un elemento básico para implementar as actividades de iniciación deportiva, con carácter previo a resolución, as entidades deberán acreditar a autorización da mesma.

12. INSTRUCCIÓN

A instrución do procedemento corresponde ao Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra que realizará, de oficio, cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales formulará a proposta de resolución.

Fases da instrución:

- 1 O órgano instrutor avaliará as solicitudes presentadas en tempo e forma e emitirá unha primeira avaliación segundo os criterios e ponderacións das bases 9ª, 10ª e a relación nominal de persoas inscritas establecida na base 20.





- 2 O órgano colexiado previsto na base 13 emitirá informe, á vista da avaliación do órgano instrutor, no que concrete o resultado da avaliación.
- 3 A persoa instrutora, consonte o informe final da comisión de avaliación, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, e a notificará, mediante o Taboleiro de Anuncios e Edictos da sede electrónica do Concello de Pontevedra. Os interesados disporán dun prazo de 10 días para presentar alegacións.
- 4 Cando a contía da subvención incluída na proposta de resolución provisional sexa inferior á do proxecto presentado inicialmente, poderase solicitar ás entidades beneficiarias que reformulen as súas solicitudes para axustar os compromisos e as condicións da subvención durante o prazo de 10 días hábiles. As solicitudes reformuladas deberán respectar a finalidade, as condicións e o obxecto da subvención, así como os criterios de valoración establecidos respecto das solicitudes.
- 5 O órgano instrutor formulará proposta de resolución definitiva, tras examinar as alegacións que puidesen presentarse, na que se expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía e se especificará a avaliación dos criterios de valoración seguidos.

O órgano instrutor engadirá ao expediente un informe no que conste que, da información obtida, se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

A resolución provisional e a proposta de resolución definitiva non crean dereito en favor das beneficiarias propostas fronte á Administración mentres non se realice a notificación da resolución de concesión.

13. COMISIÓN DE AVALIACIÓN

A comisión de avaliación terá como función a emisión do informe no que concrete o resultado da avaliación realizada pola persoa instrutora e terá a seguinte composición:

- 1 Presidencia: Concelleiro/a da Area Deportes do Concello de Pontevedra.
- 2 Secretario: A persoa titular da Dirección do Servizo de Deportes, con voz pero sen voto.
- 3 Vogais:
 - A Técnico de Deportes do servizo.
 - Un/ha funcionaria/o do servizo de deportes que ocupe a praza de administrativa/o.
 - Un Xefe de Servizo a designar pola Presidencia.

14. RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra resolverá o procedemento, tendo en conta a proposta de resolución definitiva. A resolución será motivada e conterá, de xeito expreso, a desestimación das solicitudes que non acaden subvención.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, computándose o prazo dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

De non resolverse expresamente a convocatoria no dito prazo de seis meses, entenderanse desestimadas por silencio administrativo as solicitudes de concesión das subvencións.

A resolución do procedemento pon fin á vía administrativa, e contra ela poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación. Alternativamente, as entidades interesadas poderán optar por interpoñer directamente o





recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación do acordo.

15. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se no prazo de dez (10) días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

A beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola Administración concedente declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.

As entidades beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

16. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Son obrigas das persoas e entidades beneficiarias da subvención:

- a) Cumprir coa finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar a/as actividade/s ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Empregar os fondos percibidos nos fins e coa finalidade para os que foron outorgados.
- c) Xustificar debidamente a cantidade percibida.
- d) Levar a cabo a actividade subvencionada na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, responsabilidade civil, dereitos de autoría, etc.) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso. A entidade ten a obriga de solicitar previamente a aceptación municipal de calquera modificación ou alteración relevante ou significativa sobre o programa subvencionado. Para que tales modificacións poidan ser tidas en conta na xustificación deberán ser previamente aceptadas polo Concello. Non se aceptarán modificacións que afecten á valoración do programa subvencionado segundo os criterios recollidos na base 9ª. As alteracións non autorizadas ou non solicitadas, poderán dar lugar á minoración da subvención concedida ou á súa revogación.
- e) Establecer e, se fora o caso, manter as medidas de coordinación necesarias co servizo municipal xestor e instrutor do expediente para o correcto desenvolvemento do proxecto.
- f) Proporcionar ao servizo xestor e instrutor do expediente a información funcional, económica e estadística que se lle requira para os efectos de seguimento, avaliación e planificación, así como facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.
- g) Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención, a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren mais adecuados.
- h) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvención, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- i) A entidade beneficiaria comprométese a solicitar as autorizacións que, no seu caso, sexan necesarias para o desenvolvemento das actividades, así como a por en coñecemento do Concello calquera variación do proxecto técnico da actividade presentado xunto coa solicitude da axuda.
- j) Todas as comunicacións xeradas polo proxecto subvencionado deberá realizarse en linguaxe inclusivo desde a perspectiva de xénero e garantir a presenza equilibrado e non estereotipada de mulleres e homes nas imaxes que se utilicen.
- k) As actividades promoverán a práctica de actividade física con pleno respecto ao principio de igualdade de trato e non discriminación por motivos de orientación sexual, identidade sexual,





expresión de xénero e características sexuais, co fin de erradicar a homofobia, a biofobia e a transfobia no deporte, de conformidade co artigo 26 da lei 4/2023, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI.

- l) A entidade beneficiaria responsabilizarase de dispoñer das certificacións legalmente establecidas para acreditar que as persoas que se adscriban á realización do proxecto para o que se solicitou a axuda non foron condenadas por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.
- m) A beneficiaria comprométese a difundir o procedemento de inscrición do programa e/ou escola para o acceso das nenas e nenos, publicamente e coa adecuada antelación a través da internet (páxinas web e/ou redes sociais). A información relativa ao programa tamén será publicada na páxina web <http://deportes.pontevedra.gal> e noutros medios de difusión complementarios, de xeito que poidan ser coñecidas por todas as persoas potencialmente beneficiarias destas actividades.
- n) De conformidade co artigo 33 da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra, as publicacións, a cartelaría, a publicidade e toda produción escrita das actividades da asociación beneficiaria da subvención deberá estar en lingua galega.
- o) No exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos a entidade beneficiaria facilitará tanta información lle sexa requirida polo Concello de Pontevedra, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia. Neste senso, a súa actuación estará sometida á esixencia de responsabilidade contable nos termos e co alcance que determine, no seu caso, o axuizamento dos anteriores órganos.
- p) Cumprir todas as estipulacións establecidas nesta convocatoria e as demais obrigas impostas pola Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Pontevedra, pola LXS e polas demais normas reguladoras da materia.

17. OBRIGA DE DIFUNDIR O FINANCIAMENTO MUNICIPAL DA ACTIVIDADE

A beneficiaria está obrigada a destacar en lugar preeminente a colaboración económica do Concello de Pontevedra, tanto nos libros, folletos, carteis, informacións, material e documentación en xeral, así como nos anuncios de difusión das actividades en calquera soporte publicitario, mediante a inclusión do seu logotipo oficial e a denominación da actividade segundo o disposto na base 11.

Terase que se incluír o logotipo do Concello de Pontevedra e de Deporte Pontevedra, sendo do mesmo tamaño, como mínimo, ao doutros posibles patrocinadores, cando a contribución económica destes non sexa superior á subvención concedida polo Concello de Pontevedra, entendida como a suma das contribucións económicas, materiais ou de instalacións.

O incumprimento das obrigas especificadas nos parágrafos anteriores dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención nun 10%. Esta dedución será acumulativa a outras que, de ser o caso, se puideran aplicar.

18. PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

A concesión das subvencións será publicada na Base de Datos Nacional de Subvenciones, como sistema nacional de publicidade das subvencións. Asemade o órgano administrativo concedente publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Pontevedra as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiarias, cantidade concedida e finalidade da subvención.

19. SUBCONTRATACIÓN

Enténdese que existe subcontratación cando a entidade beneficiaria concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención.

Queda fóra deste concepto a contratación de aqueles gastos en que teña que incurrir a beneficiaria para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.





Con carácter xeral, a subcontratación por riba do límite cuantitativo establecido no parágrafo anterior (75%) suporá unha minoración do dereito ao cobro da subvención que será proporcional ao exceso subcontratado. Esta dedución acumularase a outras que, de ser o caso, se puideran aplicar.

No caso dos programas subvencionados baixo a liña A (escolas deportivas orientadas á poboación en idade escolar), dada a natureza da actividade, establecece o límite da subcontratación ate o 50% do importe da actividade subvencionada.

En ningún caso poderá subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non aporte valor engadido ao contido da mesma.

En ningún caso poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 desta lei.
- b) Persoas ou entidades que percibiron outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagos se definen como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que o pago estea xustificado con referencia ao valor do mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorren as seguintes circunstancias:
 - 1.^a Que se obtén a previa autorización expresa do órgano contendente.
 - 2.^a Que o importe subvencionar non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.
- e) Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, que non obtiveron subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

20. CONTROL DE DOCUMENTACIÓN DO PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

Para o caso das liñas de subvención A e B das previstas na base 4, as entidades beneficiarias comprométese a acreditar o número de persoas inscritas mediante a presentación dunha relación nominal de participantes, segundo o modelo normalizado, no **prazo máximo de vinte (20) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da data de inicio da escola.**

Dado que a contía e límite das axudas se determinan en función do número de participantes na actividade, no caso de que a entidade xustifique un número inscrites inferior ao que motivou a resolución, o importe da subvención verase reaxustado, de acordo co número de prazas correctamente acreditadas a través da relación nominal mencionada e da documentación adicional que, de ser o caso, sexa requirida.

As entidades beneficiarias deberán dispoñer da seguinte documentación, e poñela a disposición do Concello de Pontevedra no prazo máximo de 72 horas cando lles sexa requirida:

- Ficha de inscrición na escola de iniciación deportiva debidamente cuberta e asinada, que deberá recoller os datos mínimos establecidos no modelo facilitado, así como a autorización expresa dos/as titulares da patria potestade ou tutela das persoas menores para a súa participación na actividade.
- Xustificante bancario do pagamento da inscrición na escola deportiva de promoción municipal.
- Copia da tarxeta sanitaria ou seguro substitutivo da persoa inscrita.

O servizo xestor poderá realizar as comprobacións que considere necesarias para obter unha evidencia razoable do adecuado cumprimento do procedemento de inscrición das persoas participantes. No caso de efectuarse, o procedemento de comprobación será o seguinte:

1. O órgano xestor solicitará ás entidades beneficiarias unha mostra da documentación acreditativa correspondente ás persoas incluídas na relación nominal de persoas inscritas, para a súa verificación.
2. Unha vez analizada a mostra, en caso de detectarse inconsistencia nos datos, ausencia de





documentación ou a falta de resposta ao requirimento, solicitarase a totalidade da documentación relativa ás persoas inscritas na relación nominal.

3. Se como resultado das comprobacións realizadas se verificase o incumprimento dos requisitos documentais establecidos nesta convocatoria, procederase á redución do importe da subvención, que se axustará ao número de prazas debidamente xustificadas segundo os criterios establecidos nestas bases.

Cando o órgano xestor leve a cabo actuacións de comprobación, estas deberán comprender, como mínimo, o 10 % do total das persoas inscritas nas liñas de subvención A e B.

21. PAGO ANTICIPADO

A entidade beneficiaria poderá solicitar por escrito o anticipo do 25% da cantidade subvencionada para sufragar gastos inaprazables e imprescindibles para o desenvolvemento da actividade, previa aceptación da subvención por parte do beneficiario.

Os gastos obxecto do pago anticipado deberán de ser igualmente xustificados nos termos e prazos previstos na base 23 desta convocatoria.

Non poderán obter pagos anticipados aquelas entidades que teñan fondos pendentes de xustificación logo do cumprimento do prazo de xustificación pola mesma ou distinta subvención.

En todo caso, para poder ser beneficiaria dos pagos anticipados deberase acreditar que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Facenda da Xunta e coa Seguridade Social.

22. GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen, coma regra xeral, ao longo do período subvencionado. A estes efectos, para as liñas A e B consideraranse período subvencionable o comprendido entre o 1 de setembro de 2026 e o 30 de maio de 2027. Neste período incluíranse tanto os gastos directamente vinculados á preparación da escola -como a xestión das inscricións ou a adquisición do material imprescindible para o inicio da actividade- como os derivados da súa execución e da súa avaliación. Así mesmo, consideraranse subvencionables os gastos correspondentes as obrigas de pagamento que, de conformidade coa normativa aplicable, deban ser liquidadas con posterioridade ao remate do período subvencionable, como por exemplo as cotizacións á Seguridade Social, sempre que correspondan a gastos devindicados dentro do citado período. Igualmente, serán subvencionables aqueles gastos prepagables admitidos na normativa vixente, como excepción á regra xeral de esixibilidade do pagamento tras a realización da prestación, sempre que comprendan o período da prestación, procedendo ao correspondente rateo cando corresponda (contratos de seguro, de alugueiro).

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non serán subvencionables os gastos de capital (elementos inventariables) e os gastos correntes non relacionados directamente coa actividade subvencionada, así como os seguintes:

- Intereses debedores en conta bancaria.
- Intereses, recargo e sancións administrativas ou penais.
- Gastos de procedementos xudiciais.

Os impostos indirectos, sempre que sexan susceptibles de recuperar ou bonificados.

No caso dos programas deportivos orientados a **poboación escolar e centros escolares das parroquias rurais (liña A e B)**, considéranse gastos subvencionables os seguintes:

- **Gastos de persoal:** retribucións realizadas a través tanto de persoas físicas como xurídicas.
- Soldos e salarios: indicárase, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina e o





importe da seguridade social con cargo á entidade

- Contratación de servizos técnicos e profesionais necesarios para o proxecto

En canto as posibles relacións de responsabilidade que deriven do carácter contractual entre a beneficiaria e o persoal contratado, serán de única e exclusiva responsabilidade da entidade beneficiaria.

- **Alugueiro de equipamentos, instalacións, espazos deportivos e outros gastos derivados do uso dos espazos deportivos para as actividades dos programas obxecto de subvención**
- **Seguros da actividade** (de responsabilidade civil e accidentes)
 - Si o seguro se contrata exclusivamente para a actividade de Escola Deportiva e unicamente polo período de duración da Escola, poderase xustificar o 100% do importe. Así debe quedar reflectido na póliza e recibos correspondentes.
 - Si o seguro da escola estivese engadido na póliza xeral da entidade, soamente se poderá xustificar a parte proporcional do importe de recibo/s e póliza/s correspondente aos meses nos que desenvolve a actividade.
- **Producto básicos de farmacia / botiquín de urxencias.**
- **Cartelaría e publicidade** (deberá indicar que a actividade esta financiada polo Concello de Pontevedra).
- **Formación para técnicos deportivos e adestradores.**
- **Material deportivo funxible non inventariable** (non poderán exceder o 10% do importe total dos gastos subvencionables).
- **Outros gastos directamente imputables á realización da actividade subvencionada** (non poderán exceder o 10% do importe total dos gastos subvencionables).

No caso dos programas de iniciación deportiva para **grupos especiais (liña C)**, atenderase as especiais características do programa, en todo caso deberán ser gastos directamente imputables á realización da actividade subvencionada e que resulten estritamente necesarios.

23. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E PRAZO

Para poder percibir as subvencións concedidas de acordo coas prescricións destas bases, as entidades beneficiarias presentarán a documentación xustificativa a través da sede electrónica municipal (<http://sede.pontevedra.gal/>).

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, establecendo unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial do 20%. Todo gasto que supere ese límite non se considerará subvencionable.

As subvencións concedidas neste programa, deberán estar xustificadas no prazo de trinta (30) días naturais dende o remate do período subvencionado. No caso de que a resolución definitiva da convocatoria sexa posterior o remate do período subvencionado, o prazo será de trinta (30) días naturais dende a data de notificación da resolución da convocatoria.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa simplificada (artigo 75 do Real Decreto 887/2006) e conterá a seguinte información:

- a) Unha memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.





b) Unha relación clasificada de gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a subvención se outorgue con arranxo a un orzamento estimado, indicaranse as desviacións acaecidas.

c) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como os xuros derivados destes.

Transcorrido o prazo establecido para a xustificación sen ter achegado a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá á beneficiaria para que no prazo improrrogable de 15 días achegue a xustificación. A falta de presentación da mesma neste prazo levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións.

A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado dará lugar automaticamente á perda do 50% da contía concedida.

A falta de presentación da documentación xustificativa nos prazos dos requirimentos producirá a perda total do dereito ao cobro.

A comprobación da subvención corresponderalle ao servizo xestor, que emitirá un informe que acredite a axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención. Este informe incorporarase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.

24. COMPROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O servizo xestor comprobará, a través de técnicas de mostraxe baseado nun sistema aleatorio, a axeitada aplicación da axuda, para o que poderá requirir á beneficiaria a remisión dos xustificantes de gasto e pago e demais documentación que considere precisa. Desa comprobación darase conta á Intervención Xeral Municipal, se ben estes expedientes poderán ser incluídos nas comprobacións efectuadas no marco do control financeiro previsto nas Bases de execución do orzamento xeral en vigor do Concello de Pontevedra.

As facturas e demais xustificantes da subvención a nome da entidade beneficiaria deberán cumprir os requisitos establecidos no RD 1619/2012.

Segundo o artigo 7.1 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra o fraude na súa redacción dada pola Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, de 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo. (BOE núm. 164, de 10 de xullo de 2022) non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 1.000,00 €, polo que, o pagamento destas operacións deberá de realizarse pola beneficiaria por algún medio de pago distinto ao efectivo, debendo conservar os xustificantes do pagamento, durante un prazo de cinco anos dende a data da súa realización, aos efectos de acreditar a realidade do mesmo.

No suposto de que a subvención teña como destino o pagamento a persoas físicas que prestan servizos retribuídos, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do IRPF nos límites e excepcións da lexislación que rexe. Os pagos a persoal retribuído coa súa pertinente retención xustificaranse a través da nómina correspondente, acompañada dos TC e do xustificante de pago da retención do IRPF.

25. PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, unha vez presentada a xustificación correctamente e logo da súa aprobación polo órgano municipal competente.





26. REINTEGRO DE SUBVENCÍONS

Nos casos previstos no artigo 23 da Ordenanza xeral reguladora das subvencións no Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos (BOP 190, de 30/09/2004) o Concello de Pontevedra esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co procedemento establecido no artigo 26 da mesma norma.

27. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

O procedemento sancionador será o disposto no Título II da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra.

28. INTERPRETACIÓN

Calquera dúbida que puidera xurdir en torno á interpretación de estas bases será resolta pola Xunta de Goberno do Concello de Pontevedra.

29. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O Concello de Pontevedra obrígase a cumprir o Regulamento (UE) 2016/679 Xeral de Protección de Datos (RXPd) e a Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

- **Responsable do tratamento dos seus datos:** O Concello de Pontevedra, con NIF P3603800H
- **Finalidade:** A xestión da concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades de iniciación deportiva durante a tempada 2026/2027.
- **Lexitimación:** Relación contractual (artigo 6.1,b do RGPD), cumprimento dunha obriga legal (6.1,c do RGPD) e o exercicio de poderes público.
- **Conservación:** Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.
- **Destinatarios:** Os datos de carácter persoal poderán ser comunicados a outras Administracións, cando sexa necesario, no exercicio das súas competencias.
- **Medidas de seguridade:** Tendo en conta do carácter reservado dos datos, documentos e informacións aos que ten acceso, o responsable do tratamento comprométese a que devanditos datos permanezan secretos, tratándoos coa máxima reserva, e declara ter implantadas no seu sistema de información as medidas de seguridade correspondentes en atención ao tipo de datos manexados e conforme ao disposto na vixente normativa de Protección de Datos, en concreto en cumprimento do artigo 32 do RGPD e a Disposición Adicional Primeira da LOPDGDD.
- **Dereitos:** Poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, portabilidade, limitación do tratamento e a non ser obxecto de decisións automatizadas, así como a retirar o consentimento prestado na sede electrónica do Concello de Pontevedra.
- **Información adicional:** Sección de Protección de Datos da sede electrónica.

